



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017

REÚNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don Ramón Villares Paz, presidente do Consello da Cultura Galega, nomeado polo Decreto 78/2014, do 26 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* número 125, do 3 de xullo), e no exercicio das competencias que lle atribúe a Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega e o Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega (DOG número 150, do 5 de agosto).

EXPOÑEN

1. Que ambas as entidades son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua.



2. Que as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia.
3. Que o Consello da Cultura Galega se crea pola Lei 8/1983, do 8 de xullo, como un ente estatutario con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Ten carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, e compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Está composto por representantes de entidades e personalidades sobranceiras dos diversos campos da cultura galega.
4. Que entre os seus obxectivos figura a consideración da realidade cultural dende unha perspectiva integradora, a recuperación da cultura propia aberta ao diálogo coas outras culturas da humanidade e, especialmente, coas do noso contorno. Entre as súas competencias figuran, entre outras, fomentar a lingua e a cultura galegas como creacións orixinais do pobo galego, entendidas non só como unha herdanza que cómpre conservar e transmitir senón como patrimonio que cada xeración debe coidar e mellorar.
5. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consello da Cultura Galega consideran necesario levar a cabo accións en materia de normalización lingüística, e por iso manifestan a súa vontade de colaborar mediante a sinatura dun convenio de colaboración durante o ano 2017 para desenvolver un programa de actuacións dirixidas a promover e fomentar o uso da lingua galega en todos os ámbitos sociais.



Polo anteriormente exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

A través deste convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consello da Cultura Galega para colaborar na realización das actuacións de normalización lingüística que se describen na estipulación segunda deste convenio.

Segunda.- Obrigas do Consello da Cultura Galega

En cumprimento das obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan xeral de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, mediante a sinatura deste convenio o Consello da Cultura Galega, asumirá a realización das seguintes actuacións :

- XIX Encontros Normalización Lingüística, que pretender analizar, entre outros temas, o uso da lingua galega na administración pública e os dereitos lingüísticos.
- Exposición Artesa: realización dunha mostra (física e web) sobre os recursos existentes para a difusión e promoción do galego a través de materiais producidos por diferentes iniciativas sociais.
- Situación do galego no tecido empresarial. Esta actividade ten como obxectivo coñecer a situación da distribución dos produtos etiquetados en galego e os aspectos de comunicación ao consumidor, a lexislación ou a presentación de diferentes iniciativas.
- Actividades de divulgación e difusión da ciencia en galego, mediante a publicación en formato dixital que recolla os textos científicos galegos, así como a produción de diferentes materiais didácticos e divulgativos sobre a ciencia dirixidos basicamente á mocidade.



- Axenda web das actividades realizadas no ámbito de promoción da lingua e cultura galegas realizadas no exterior de Galicia, preferentemente no ámbito universitario e académico.
- Difusión de recursos sociolingüísticos en rede: dixitalización de contidos creados nas campañas de promoción para a utilización do galego conservados no CDSG e a súa difusión en rede.

Terceira.- Financiamento

O orzamento das actividades que se van desenvolver con cargo a este convenio ascende a un total de **vinde e sete mil euros (27.000,00 €)**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborará na realización das actividades obxecto deste convenio cunha cantidade máxima de **vinde mileuros (20.000,00€)** con cargo a partida 10.30.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2017.

A dita cantidade destinarase a ampliar o crédito do Consello da Cultura Galega na aplicación **03.01.111D.640.0** modificación que será instrumentada pola Consellería de Facenda.

- O Consello da Cultura Galega achegará a cantidade restante de **sete mil euros (7.000,00 €)**, con cargo á aplicación **03.01.111D.640.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2017.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e a explotación dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Cuarta.- Xustificación



A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

O Consello da Cultura Galega realizará todas as actuacións necesarias para o cumprimento do convenio e **presentará electronicamente**, coa data límite do 30 de novembro 2017, á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a seguinte documentación por duplicado:

- Unha memoria xustificativa dos traballos realizados e relación detallada dos gastos para a consecución do obxecto do convenio, que terá que ser aceptada de conformidade pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Un informe (unha copia en soporte papel e unha en soporte informático) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

Quinta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste convenio.

Sexta.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo



gobierno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Sétima .- Difusión da colaboración das partes

En todas as publicacións editadas ao abeiro deste convenio deberán figurar, con igual rango e consideración, o logotipo aprobado pola normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Oitava.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Novena.- Comisión de Seguimento

Para a supervisión deste convenio crearase unha comisión paritaria que coordinará o seu desenvolvemento, planificación e cumprimento e que estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Esta comisión estará constituída por dous representantes da secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes do Consello da Cultura Galega e actuará como presidente un dos representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Décima.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.



De se resolver o convenio a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo primeira.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo segunda.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo terceira.-Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición



Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asínase por cuadruplicado no lugar e na data mencionados.

O Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

O presidente do Consello da
Cultura Galega

Román Rodríguez González

Ramón Villares Paz